

# OS SERVICIOS DE FORMACIÓN E ASISTENCIA TÉCNICA DOS TRABALLADORES NO MARCO DAS SOCIEDADES LABORAIS

JOSÉ IGNACIO VIDAL PORTABALES

Departamento de Dereito Mercantil e do Traballo

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 13 outubro 1998

Aceptado: 14 decembro 1998

**Resumo:** Verificada a importancia que teñen os servicios de formación e de asistencia técnica dos traballadores no campo da "economía social", o presente artigo analízaa no marco da Lei 4/1997 de sociedades laborais, de 24 de marzo. Para o seu estudio, dedicase un primeiro epígrafe ó ámbito xurídico creado pola nova lei, prestándolle unha especial atención ós suxeitos destinatarios da formación. Así, trala exposición dos requisitos determinantes para que unha sociedade anónima ou de responsabilidade limitada sexa cualificada como laboral e do réxime aplicable, trátanse determinados aspectos problemáticos da posición xurídica dos socios traballadores. En particular, analízase a composición do capital, as clases de accións e participacións, o réxime da súa transmisión e a organización da administración societaria. Dedicase tamén un epígrafe ós fundamentos do dereito de asociación empresarial e ás asociacións e agrupacións específicas previstas na disposición adicional 2<sup>a</sup> da Lei 4/1997, en tanto que constitúen os instrumentos de articulación dos servicios de formación e de asistencia técnica. Por último, expóñense as medidas de fomento dos mencionados servicios, tanto no ámbito estatal como no autonómico.

**Palabras clave:** Formación dos traballadores / Sociedades laborais / Lei 4/1997.

## VOCATIONAL TRAINING AND TECHNICAL ASSISTANCE SERVICES FOR WORKERS IN LAW 4/1997 OF LABOUR CORPORATIONS

**Summary:** Having confirmed the importance of training and technical assistance services of workers in the social economy field, this paper analyses them within the framework of Law 4/1997 of labour corporations. In order to study them the first epigraph deals with the legal environment created by the new Law, paying special attention to the individuals who are going to receive professional training. In this way, some specific problematic aspects, related to the legal position of the working partners are discussed after having stated the requirements that give a business corporation or a limited company labour status and status within the enforceable regime. In particular, the composition of capital, the types of shares, the regime of transmission and the organization of the company management are analysed. One epigraph is also devoted to the rights of entrepreneurs' associations and the specific associations dealt with in the additional disposition number two of the 4/1997 Law, as instruments of articulation of vocational training and technical attendance services. Finally, the steps for the promotion of the aforementioned services are exposed both within the State and the Autonomous regions scope.

**Keywords:** Training / Labour corporation / Law 4-1997.

## INTRODUCCIÓN

A expresión "economía social" utilizouse orixinariamente en Francia para enmarcar, dunha maneira xenérica, varios movementos de carácter social privado: o

cooperativismo, o mutualismo e o asociacionismo<sup>1</sup>. Pode definirse como aquela rama da ciencia económica que se refire a empresas que actúan no mercado coa finalidade de producir bens e servicios, asegurar ou financiar e nas que a distribución de beneficios e a toma de decisións non están ligadas directamente co capital achedado por cada socio (Barea e Monzón, 1987, p. 134). Sobre a base desta definición, e dende un punto de vista económico, os axentes da economía social presentan as seguintes características: a) non teñen nada que ver coa economía pública e poden obter beneficios da súa actividade productiva; b) necesitan capital para o desenvolvemento da súa actividade de producción, distribución e de comercialización; c) por regra xeral, entre capital e atribución de beneficios non existe relación ningunha de carácter directa; e, d) a toma de decisións está ligada ós socios propietarios da empresa e non ó capital.

Á vista do exposto, e seguindo un criterio rigoroso, as sociedades laborais non poden considerarse empresas de economía social dado que o poder de decisión e a participación nos beneficios están unidos de modo directo á participación no capital. Agora ben, o seu funcionamento práctico semellase a institucións típicas da economía social como, por exemplo, as cooperativas de traballo asociado. Así, destacouse que nas sociedades anónimas laborais, de feito, o capital está distribuído entre os traballadores de forma moi igualitaria (Barea e Monzón, 1987, pp. 134 e 137). E, dende o punto de vista legal, o RD 1836/1991, de 28 de decembro de 1991<sup>2</sup>, polo que se configuraba a estructura orgánica e funcional do desaparecido Instituto Nacional de Fomento de la Economía Social (hoxe as súas competencias están asumidas pola Dirección General de Economía Social)<sup>3</sup>, no seu artigo 2, último parágrafo, dispoñía que o concepto de economía social (...) *compóñeno as cooperativas de calquera tipo, as sociedades anónimas laborais e calquera outra entidade que reúna os requisitos ou cumpla as condicións que se establezan normativamente.*

Pois ben, incardinadas as sociedades laborais na chamada economía social, a formación dos traballadores é unha preocupación constante nesta rama da economía<sup>4</sup>. Así se puxo de manifesto, dende o punto de vista lexislativo, na disposición adicional 2ª da vixente Lei de sociedades laborais que permite a organización de

<sup>1</sup> Para un estudio en profundidade sobre as orixes históricas e os perfís da economía social, vid. Ballesteros (1990, pp. 17 e ss.), Batlle Sales (1996, pp. 1.523 e ss.).

<sup>2</sup> BOE, núm. 312, (30-12-91).

<sup>3</sup> RD 140/1997, de 31 de xaneiro, BOE, núm. 32, (06-02-97).

<sup>4</sup> Así o evidencia, no ámbito do movemento cooperativo, a importancia do "principio de educación e promoción cooperativa", que ten como finalidade principal o desenvolvemento de obras sociais e a educación (formación) cooperativa. A transcendencia deste principio foi recollida na lexislación vixente, a cal dotou o Fondo de Educación e Promoción dunhas características encamiñadas a asegura-la súa efectividade. En concreto, o Fondo está afecto ó cumprimento dos seus propios fins, incluso en caso de disolución da entidade; é irrepartible entre os socios e ten natureza inembargable; non pode destinarse ó tráfico normal e as súas contrapartidas no activo deben levarse de forma individualizada (artigo 89 da LGC). Para unha visión xeral sobre este tipo de fondos, vid. Borjabad (1995, pp. 140 e ss.).

asociacions ou de agrupacions específicas coa finalidade de estructurar servicios de formación dos traballadores.

## O ÁMBITO XURÍDICO. A SOCIEDADE LABORAL

### O MARCO XERAL

O punto de partida das sociedades laborais atópase na Lei 45/1960, de 21 de xullo, e nos fondos creados por ela, en particular, no Fondo Nacional de Protección al Trabajo<sup>5</sup>. Esa lei foi obxecto de desenvolvemento a través de diversas ordes ministeriais<sup>6</sup> e a súa finalidade era permiti-lo acceso das sociedades anónimas laborais ó crédito público. Neste camiño lexislativo tivo unha importancia decisiva o mandato recollido no artigo 129.2 da Constitución española (en adiante, CE) no que, como se sabe, se declara que os poderes públicos establecerán os medios que faciliten o acceso dos traballadores ós medios de produción. Con posterioridade promulgouse a Lei de sociedades anónimas laborais, de 25 de abril de 1986, (en adiante, LSAL)<sup>7</sup>, que naceu coa vocación de establecer unha regulación xurídica unitaria máis alá da área estritamente financeira, pero limitando a figura exclusivamente ás sociedades anónimas<sup>8</sup>. Tralo cambio que representou a Lei de 25 de xullo de 1989 de reforma parcial e adaptación da lexislación mercantil ás directivas da Comunidade Económica Europea en materia de sociedades<sup>9</sup>, co conseguinte establecemento dun novo marco societario xeral, a disposición adicional 7<sup>a</sup> da Lei de sociedades de responsabilidade limitada, de 23 de marzo de 1995 (en adiante, LSRL)<sup>10</sup> establecía que o Goberno remitiría ás Cortes Xerais un proxecto de lei de sociedades laborais no que debía actualizarse o réxime xurídico das sociedades anónimas laborais e regularse *ex novo* a sociedade de responsabilidade limitada laboral. Finalizado o prazo de tres meses previsto na disposición adicional 7<sup>a</sup> da LSRL, presentouse ó Congreso —polo Grupo Socialista— a proposición de lei 122/000003 de sociedades laborais<sup>11</sup>. E, por fin, o 24 de marzo de 1997 promul-

<sup>5</sup> A Lei de 21 de xullo de 1960 (*BOE*, núm. 176, (23-07-60) regulou, ademais do devandito Fondo Nacional de Asistencia Social, o Fondo Nacional para el Fomento del Principio de Igualdad de Oportunidades e mailos Fondos Nacionales para la Aplicación Social del Impuesto y del Ahorro.

<sup>6</sup> Vid. Orde de 25 de xaneiro de 1980 (relativa ó Fondo Nacional de Protección al Trabajo, *BOE*, núm. 26, (30-01-80), Orde de 27 de marzo de 1981 (relativa ó Plan de Inversiones de Protección para 1981, *BOE*, núm. 76, (30-01-81), e a Orde de 22 de xaneiro de 1982 (tamén sobre protección ó traballo, *BOE*, núm. 33, (08-01-82).

<sup>7</sup> *BOE*, núm. 103, (30-04-86).

<sup>8</sup> En concreto, como declaraba a exposición de motivos da lei, con ela pretendíase a definición clara do seu carácter, a fixación dos seus requisitos e o establecemento dos sistemas de control tendentes a evita-la utilización desviada desta figura societaria.

<sup>9</sup> *BOE*, núm. 178, (de 27 de xuño).

<sup>10</sup> *BOE*, núm. 71, (28-03-95).

<sup>11</sup> *BOCG*, núm. 14-1, serie B, (12-04-96).

gouse a Lei de sociedades laborais (en adiante, LSL)<sup>12</sup>, que entrou en vigor o 25 de abril dese mesmo ano.

Parece oportuno referirse agora ós obxectivos que o lexislador declara perseguir coa Lei 4/1997, de 24 de marzo. En primeiro lugar, preténdese a busca de novas formas de creación de emprego. A través desta lei, o lexislador trata de impulsar unha fórmula de autoemprego baseada nun instrumento societario e alentada dende os poderes públicos. En segundo lugar, quéreselles dar resposta concreta ós mandatos constitucionais expresados no artigo 129.2 da CE; en particular, o fomento das empresas de economía social mediante unha lexislación adecuada, así como a posta a disposición dun sistema de acceso dos traballadores á propiedade, ánda que sexa a través da interposición dun novo suxeito que os traballadores controlan. En terceiro lugar, a Lei 4/1997 trata de comparsa-la regulación das sociedades laborais á transcendente reforma levada a cabo pola Lei 19/89, de 25 de xullo, de adaptación das sociedades de capital ás normas comunitarias<sup>13</sup>. E, por último, coa nova lei preténdese unha reordenación da forma societaria da sociedade laboral, introducindo ó tempo un novo modelo organizativo: a sociedade de responsabilidade limitada laboral<sup>14</sup>.

## CLAVES DO RÉXIME XURÍDICO

De seguido expónense as liñas medulares da nova regulación, para analizar despois a posición xurídica dos destinatarios dos servicios de formación considerados na disposición adicional 2ª da nova lei. Nunha primeira aproximación, podería definirse a sociedade laboral como *aquela sociedade anónima ou de responsabilidade limitada na que a mayoría do capital pertence a traballadores que prestan nela servicios retribuídos de forma persoal e directa e con contratos laborais por tempo indefinido*<sup>15</sup>. Así pois, non son sociedades especiais senón variantes singulares da sociedade anónima ou da sociedade de responsabilidade limitada (Cano López, 1997, p. 203). Agora ben, esta definición debe completarse co disposto nos artigos 1.2 e 5.3 da lei. En efecto, os requisitos determinantes para que unha sociedade anónima ou de responsabilidade limitada se cualifique de laboral virán determinados polas seguintes circunstancias:

<sup>12</sup> BOE, núm. 72, (25-03-97).

<sup>13</sup> Para unha visión crítica e detallada destes obxectivos, pode consultarse Cano López (1997, pp. 202 e ss.).

<sup>14</sup> Con respecto á inclusión da sociedade de responsabilidade limitada como nova forma de sociedade laboral, na exposición de motivos da lei sinálase que este tipo *permite maior flexibilidade cá sociedade anónima e que o menor importe da cifra de capital, os menores gastos de constitución, o número ilimitado de socios e os trazos personalistas que se conxugan coa súa condición de sociedade de capital a fan más apta como fórmula xurídica de organización económica para os traballadores e como vehículo de participación na empresa*.

<sup>15</sup> Vid. Selva Sánchez (1996, p. 1.330). Para unha visión xeral sobre estas sociedades, vid. Neila Neila (1998); Serrano Soldevilla (1997, pp. 416 e ss.); Uría (1997, pp. 455 e ss.); Vega Vega (1994).

- 1) Existencia de maioría de capital social en propiedade dos traballadores asalaria-dos con relación laboral por tempo indefinido;
- 2) inferioridade do número de horas-anو traballadas polos traballadores con contrato indefinido que non sexan socios ó 15% ou ó 25% (para o caso de que a sociedade tivera menos de 25 socios traballadores) do total das traballadas polos socios traballadores; para o cálculo destas porcentaxes non se tomarán en conta os traballadores con contrato de duración determinada; e,
- 3) limitación do capital social individualmente subscrito por un socio á terceira parte deste. A pesar disto, se se trata de sociedades laborais participadas polo Estado, polas comunidades autónomas, polas entidades locais ou polas sociedades públicas participadas por calquera desas institucións, a participación das entidades públicas poderá superar ese límite sen alcanza-lo 50%<sup>16</sup>.

Respecto do réxime aplicable ás sociedades laborais, intégrase, en primeiro lugar, polas disposicións da Lei de sociedades laborais e, no non previsto por ela, serán de aplicación as normas correspondentes das sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada, segundo a forma que teñan, tal e como se declara na disposición final 1<sup>a</sup> da Lei<sup>17</sup>. No seu réxime xurídico ten unha importancia transcendental a cualificación da sociedade como laboral. En efecto, unha das características más relevantes destas sociedades é a de estar dotadas dun particular e beneficioso réxime fiscal<sup>18</sup>, que deriva precisamente da súa cualificación como sociedade laboral. En consecuencia, a lei arbitra un sistema de controis administrativos que permitirá a atribución da calidade de "laborais" ás sociedades que a pretenden e que se mantén durante toda a vida da sociedade. Esta cualificación, como establece o artigo 2.2 da LSL, require unha previa solicitude da sociedade coa que se xuntará a documentación esixida reglamentariamente; en todo caso, se a sociedade é de nova creación deberá xuntarse a copia autorizada da escritura de constitución —sexa SA ou SRL— na que conste a vontade dos outorgantes de fundar unha sociedade laboral; e se se trata dunha sociedade preexistente achegarase unha copia da escritura de constitución e, se é o caso, das correspondentes modificacións estatutarias inscritas no Rexistro Mercantil, así como a certificación literal deste relativa ós asentos vixentes sobre ela, xunto coa certificación do acordo da xunta xeral favorable á cualificación como laboral<sup>19</sup>. O órgano competente para dictaminar sobre a veracidade do cumprimento dos requisitos esixidos para cualificar unha sociedade como laboral e para concedela é o Ministerio de Trabajo y de Asuntos Sociales ou,

<sup>16</sup> Para un estudio en profundidade destes requisitos, vid. Lázaro Sánchez (pp. 24 e ss.).

<sup>17</sup> Un extenso comentario sobre as consecuencias prácticas desta disposición final pode consultarse en Neila (1998, pp. 352 e ss.).

<sup>18</sup> Sobre a incidencia dos aspectos fiscais, vid. De la Peña Velasco (pp. 175 e ss.).

<sup>19</sup> Sobre este punto en particular, vid. Lázaro Sánchez (pp. 34 e ss.).

de se-lo caso, as comunidades autónomas que recibirán os correspondentes traspasos de funcións e servicios; así mesmo, son competentes para resolver sobre a des cualificación<sup>20</sup>. Para a constancia, a efectos administrativos, dos actos determinados nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, existe un Registro de Sociedades Laborales dependente do devandito ministerio<sup>21</sup>, sen prexuízo das competencias que lles correspondan ás comunidades autónomas<sup>22</sup>.

A personalidade xurídica das sociedades laborais atribúese dende a súa inscripción no Rexistro Mercantil, para a que deberá achegarse o certificado que acredite que esa sociedade foi cualificada como laboral polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales ou polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma e que foi inscrita no rexistro administrativo ó que xa nos referimos. Ese carácter laboral constará no Rexistro Mercantil no corpo do asento da súa primeira inscripción (se se trata dunha sociedade laboral de nova creación) ou mediante nota marginal (se se trata dunha sociedade preexistente anónima ou de responsabilidade limitada)<sup>23</sup>. No que se refire ó sistema rexistral, de conformidade co artigo 4.3 da LSL, o Rexistro Mercantil non realizará ningunha inscrición de modificación de estatutos, que afecte á composición do capital social ou ó cambio de domicilio fóra do termo municipal, sen a achega por parte da sociedade laboral do certificado do Rexistro de Sociedades Laborais do que resulte, ou ben a resolución favorable de que a modificación non afecta á cualificación da sociedade como laboral ou ben a anotación rexistral do cambio de domicilio. Por outra parte, a obtención da cualificación como laboral por unha sociedade anónima ou de responsabilidade limitada non se considera transformación e, polo tanto, non está sometida ás normas aplicables á transformación de sociedades<sup>24</sup>.

## **A POSICIÓN XURÍDICA DOS SOCIOS TRABALLADORES**

Referíremos neste epígrafe á posición xurídica dos suxeitos da formación e ó modo en que estes —os socios— poden organiza-la administración da sociedade laboral. A análise da súa posición xurídica esixe o tratamento dos seguintes as-

<sup>20</sup> Artigo 2.1 da LSL.

<sup>21</sup> Os artigos 1 e 2 do RD 2114/1998, de 2 de outubro (*BOE*, núm. 246, de 14-10-98), atribúen as funcións de cualificación, inscrición e certificación do rexistro administrativo de sociedades laborais á Dirección General de Fomento da Economía Social do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

<sup>22</sup> O traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado, no que se refire á cualificación e rexistro administrativo de sociedades anónimas laborais, tivo lugar nas seguintes comunidades autónomas: Cantabria (RD 1901/1996, de 2 de agosto), Illas Baleares (RD 99/1996, de 26 de xaneiro), A Rioxa (RD 944/1995, de 9 de xuño), Madrid (RD 933/1995, de 9 de xuño), Castela-León (RD 832/1995, de 30 de maio), Estremadura (RD 641/1995, de 21 de abril), Aragón (RD 567/1995, de 7 de abril), Castela-A Mancha (RD 383/1995, de 10 de marzo), País Vasco (RD 1545/1994, de 8 de xullo), Canarias (RD 1306/1990, de 26 de outubro), Navarra (RD 1071/1990, de 31 de agosto), Andalucía (RD 558/1990, de 27 de abril), Galicia (RD 1456/1989, de 1 de decembro), Cataluña (RD 1225/1989, de 8 de setembro) e Valencia (RD 519/1989, de 12 de maio).

<sup>23</sup> Vid. artigo 4.2 da LSL e artigos 4.1 e 4.2 e o RD 2114/98. Sobre a crítica deste dobre sistema rexistral, vid. Gómez Porrúa (1997, p. 6), Lázaro Sánchez (p. 33) e Selva Sánchez (1996, p. 1.331).

<sup>24</sup> Vid. artigo 4.4 da LSL.

pectos: a composición do capital, as clases de accións e participacións, o réxime da súa transmisión e a organización da administración societaria.

- A) Con relación ó capital social, conforme ó artigo 5 da LSL, estará dividido en accións nominativas<sup>25</sup> ou en participacións sociais<sup>26</sup>; para o suposto de que as sociedades laborais revistan a forma de sociedades anónimas, o desembolso dos dividendos pasivos deberá efectuarse no prazo que sinalen os estatutos sociais<sup>27</sup>. Coa finalidade de evita-la excesiva concentración de poder nun único accionista, o artigo 5.3 establece a importante limitación de que non se poderá posuír por ningún dos socios accións ou participacións que representen máis da terceira parte do capital social, coa excepción do suposto de sociedades laborais participadas polo Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais ou as sociedades públicas participadas por calquera das institucións, pois neste caso esa participación das entidades públicas poderá superar ese límite sempre que non se alcance o 50% do capital social<sup>28</sup>.
- B) No que se refire ás accións e participacións das sociedades laborais, dividiránse en dúas clases, a saber: as que sexan propiedade dos traballadores cunha relación laboral por tempo indefinido (as cales constitúen a chamada "clase laboral") e as restantes (que constitúen a chamada "clase xeral")<sup>29</sup>. Conforme ó artigo 6.3 da LSL, os traballadores con contrato por tempo indefinido —sexan ou non socios—, que por calquera título adquiran accións ou participacións sociais pertencentes á "clase xeral", poderán esixir da sociedade a súa inclusión na "clase laboral". Para este cambio de clase non é necesario acordo da xunta xeral nin do órgano de administración, senón que se conceden directamente ós administradores as facultades necesarias para realiza-lo cambio dos estatutos e a inscrición rexistral<sup>30</sup>.

<sup>25</sup> Aínda que a Lei 4/1997 non menciona as anotacións en conta como posible fórmula de documentación e transmisión das accións nas SAL, Alonso Espinosa (p. 78) entende que esta modalidade é perfectamente practicable. Para unha visión detallada das accións nominativas nas SA, vid. García Luengo e Soto Vázquez (1991, p. 282).

<sup>26</sup> Para un estudio das participacións sociais nas SRL, vid. Carvajal González e outros (1995, pp. 65 e ss.).

<sup>27</sup> Como se sabe, segundo o artigo 12 da LSA, as accións han estar totalmente subscritas e desembolsadas can do menos nunha cuarta parte do valor nominal de cada unha delas; e conforme ó artigo 4 da LSRL, todo o capital ha estar completamente subscrito e desembolsado. Sobre esta materia, poden consultarse García Luengo e Soto Vázquez (1991, pp. 90 e ss.) e Carvajal González (1995, pp. 113 e ss.).

<sup>28</sup> Lémbrese que na LSAL, de 25 de abril de 1986, o límite das accións que un socio podía posuír estaba no 25% (artigo 5.2).

<sup>29</sup> Vid. o artigo 6.1. Sinala Alonso Espinosa (p. 79) que dende un punto de vista técnico non pode afirmarse que esos grupos constitúan verdadeiras clases de accións ou de participacións, xa que esos grupos de partes de capital non están cualificados pola atribución de dereitos estatutarios especiais en favor de cada un deles; en rigor, trátese de consecuencias xurídicas que a lei vincula ó feito de que, ademais de ser socio, se teña a condición persoal de traballador por tempo indefinido na mesma sociedade.

<sup>30</sup> Así o dispón o artigo 6.3 da LSL. Lémbrese que na LSAL, de 25 de abril de 1986, esixíase o acordo da xunta de socios no artigo 6.2.

C) Respecto do réxime de transmisión das accións e participacións e do dereito de adquisición preferente, o actual artigo 7 da LSL establece un sistema de dereitos de adquisición preferente nas transmisións *inter vivos* de modo gradual. Este dereito articúlase en favor, en primeiro lugar, dos traballadores que áinda non son socios; en segundo lugar, en favor dos socios traballadores; en terceiro lugar, en favor dos socios non-traballadores e, en último lugar, en favor da propia sociedade. Segundo ese precepto, o titular de accións ou participacións da "clase laboral" que se propóna transmitillas total ou parcialmente a unha persoa que non posúa a condición de traballador da sociedade con contrato por tempo indefinido deberá comunicalo por escrito ó órgano de administración de maneira que se asegure a súa recepción; farase consta-lo número e características das accións ou participacións, a identidade do adquirente, o prezo e demás condicións da transmisión. O órgano encargado da administración notificarállelo ós traballadores non-socios con contrato indefinido no prazo de 15 días, tendo esa comunicación ó socio o carácter de oferta irrevocable; os traballadores contratados por tempo indefinido que non sexan socios poderán exercita-lo seu dereito dentro do mes seguinte á notificación. Para o caso de que non se exerce este dereito de adquisición preferente, o órgano de administración notificarálle-la proposta de transmisión ós traballadores socios, que poderán optar á compra dentro do mes seguinte á recepción da notificación; se estes tampouco o exercitasen, o órgano de administración notificarálle-la proposta de transmisión ós titulares de accións ou participacións e á clase xeral e, se é o caso, ó resto dos traballadores sen contrato de traballo por tempo indefinido, que poderán optar á compra, nesa orde, nos 15 días seguintes á recepción das respectivas notificacións. E se ningún socio ou traballador exerceita o seu dereito de adquisición preferente, as accións ou participacións poderán ser adquiridas pola sociedade, dentro do mes seguinte contado desde o día no que finalizasen os prazos a que nos referimos. Se ninguén exerceitase o seu dereito de adquisición preferente, o socio quedará libre para transmitir-las accións ou participacións da súa titularidade e deberase iniciar de novo os trámites que expuxemos se aquel non procede á súa transmisión no prazo de catro meses<sup>31</sup>.

Á transmisión *mortis causa* refírese o artigo 11 da LSL que permite a posibilidade de que os estatutos sociais poidan recoñecer, en caso de morte do socio, un dereito de adquisición preferente sobre as accións ou participacións de clase laboral polo procedemento do artigo 7 da LSL, como xa se viu, que deberá

<sup>31</sup> Para unha análise detallada dos problemas particulares que formula a transmisión das accións ou participacións da sociedade laboral, poden consultarse Alonso Espinosa (pp. 85 e ss.), Neila Neila (1998, pp. 155 e ss.) e Selva Sánchez (1996, pp. 1.335 e ss). En xeral, respecto da transmisión *inter vivos* das accións e participacións das sociedades anónimas e de responsabilidade limitada, vid. Carrera Giral e Carrera Lázaro (pp. 605 e ss.) e Gómez Mendoza (1996, pp. 397 e ss.).

exercitarse no prazo máximo de catro meses; este dereito non terá lugar se o herdeiro ou legatario fose traballador da sociedade con contrato de traballo por tempo indefinido<sup>32</sup>.

D) Con relación ó modo en que os suxeitos destinatarios da formación poden organiza-la administración da sociedade laboral, non debe perderse de vista a disposición final 1ª da LSL, que remite ó réxime xeral das sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada, segundo a forma que posúan<sup>33</sup>. Cómpre resaltar que o artigo 12 da LSL contén algunas previsións sobre o órgano de administración das sociedades laborais; así, establécese nel que se a sociedade se administra por un consello de administración, o nomeamento dos seus membros efectuarase necesariamente polo sistema proporcional regulado no artigo 137 da LSA e polas disposicións que a desenvolven<sup>34</sup>; e se só existen accións ou participacións de clase laboral, os membros do consello de administración poderán ser nomeados polo sistema de maiorías. É dicir, o precepto distingue, dun lado, a hipótese de sociedades laborais con socios traballadores e socios de clase xeral e, doutro, o suposto no que únicamente existen socios traballadores. Para a primeira das hipóteses, o precepto trata de darlle solución á situación que presenta o feito de que os titulares de accións ou participacións de clase xeral se atopen en minoría por disposición legal<sup>35</sup>. Por iso, aínda que o artigo 12 deixa aberta a posibilidade de elección de calquera modo de administración segundo o réxime xeral, para o caso de que se elixa como forma o consello de administración, impón imperativamente o sistema proporcional de elección de membros do consello, tanto para a sociedade anónima como para a de responsabilidade limitada (que, como se sabe, non permite este sistema<sup>36</sup>); parece, pois, que cando a LSL lle impón o sistema proporcional á sociedade de responsabilidade limitada laboral, sinala un trazo tipolóxico especial das sociedades laborais que asuman esta forma<sup>37</sup>. Para a segunda hipótese, isto é, sociedades laborais únicamente con socios traballadores, a LSL tamén remite ó réxime xeral<sup>38</sup> pero permitindo, no caso de que se opte polo consello de administración, que os socios poidan elixir entre o sistema proporcional ou o sistema de maiorías.

<sup>32</sup> Sobre o réxime de transmisión *mortis causa* de participacións sociais, vid. Galán López (pp. 459 e ss.).

<sup>33</sup> Para un estudio das diversas formas de organización das SA e das SRL, vid. García Luengo e Soto Vázquez (1991, pp. 579 e ss.) e Esteban Velasco (pp. 549 e ss.).

<sup>34</sup> Sobre o artigo 137 da LSA, vid. o documentado estudio de Alcover Garau (1995, pp. 25 e ss.).

<sup>35</sup> Vid. o artigo 1 da LSL en relación cos artigos 5 e 6.

<sup>36</sup> Vid. os artigos 43, 44.b) e 58.1 da LSRL.

<sup>37</sup> Esta é a opinión de Batlle Sales (1996, p. 58).

<sup>38</sup> Para unha visión xeral da administración das sociedades capitalistas, vid. Uría (1997, pp. 327 e ss. e 506 e ss.).

## **OS INSTRUMENTOS DE ARTICULACIÓN DOS SERVICIOS DE FORMACIÓN E DE ASISTENCIA TÉCNICA. AS ASOCIACIONES OU AGRUPACIÓNS ESPECÍFICAS**

O punto de partida na regulación dos servicios de formación e de asistencia técnica dos traballadores no marco das sociedades laborais constitúeo a disposición final 2<sup>a</sup> da Lei de sociedades anónimas laborais, de 25 de abril de 1986<sup>39</sup>. En efecto, nela dispoñíase que para os efectos de desempeña-la representación ante a Administración pública e en defensa dos seus intereses, as sociedades anónimas laborais podían organizarse en asociacións ou en agrupacións específicas de acordo coa Lei 19/1977, de 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical (en adiante, LAS)<sup>40</sup>. Na nova disposición adicional 2<sup>a</sup> da Lei de 24 de marzo de 1997, á vez que se mantén a equívoca expresión "*para os efectos de desempeña-la representación ante a Administración...*", contense unha concreta referencia á posibilidade de constituír asociacións ou agrupacións específicas para organizar *servicios de asesoramento, formación, asistencia xurídica ou técnica*, e cantes sexan convenientes ós intereses dos socios. Así pois, a nova disposición adicional, por un lado, reproduce o erro que presentaba a antiga disposición final 2<sup>a</sup>, en tanto que unha lectura deste parece indicar —erradamente— que ante a Administración pública só se posúe a personalidade xurídica se se forman asociacións de sociedades laborais, en clara contradicción co artigo 4.2 da vixente Lei de sociedades laborais, o cal sinala claramente que a sociedade gozará de personalidade xurídica dende aúa inscripción no Rexistro Mercantil. E, por outro lado, a nova disposición adicional 2<sup>a</sup> supuxo un salto cualitativo en relación coa súa predecesora na medida en que formula —enunciativamente— as posibles finalidades perseguidas por esas asociacións e agrupacións. Desta norma interésanos destacar, en concreto, a posibilidade que asiste ás sociedades laborais para formar asociacións ou agrupacións específicas orientadas cara á organización de servicios de formación e asistencia técnica dos traballadores, na mesma dirección que outras institucións pertencentes á economía social como, por exemplo, os chamados fondos de promoción e educación das cooperativas.

A referencia a estas asociacións ou agrupacións específicas aconsella aludir, en primeiro lugar, ás particularidades que presenta o dereito de asociación recoñecido no artigo 7 da CE para, máis adiante, aborda-la cuestión de se os termos empregados se utilizan dunha maneira xenérica ou con connotacións xurídicas específicas<sup>41</sup>.

<sup>39</sup> BOE, núm. 103, (30-04-86).

<sup>40</sup> BOE, núm. 80, (04-04-77).

<sup>41</sup> Como se sabe, neste precepto sinálase que os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, e que aúa creación e o exercicio daúa actividade son libres dentro do respecto á Constitución e á lei.

## O DEREITO DE ASOCIACIÓN EMPRESARIAL

Respecto do primeiro punto, como destaca a doutrina laboralista, as expresións "liberdade sindical" e "empresario" son, en principio, termos antagónicos, dado que os empresarios non poden utilizar un dereito pensado para a protección dos traballadores. A cuestión formulouse, dende o punto de vista legal, coa disposición derogatoria da Lei orgánica de liberdade sindical, de 2 de agosto de 1985<sup>42</sup>, conforme á cal se mantivo en vigor a Lei 19/1977 de asociación sindical, de 1 de abril, e as súas disposicións complementarias no concernente ás asociacións empresariais e recoñecíase a liberdade de sindicación para os efectos do disposto no artigo 28.1 da CE (Palomeque López e Álvarez de la Rosa, 1993, pp. 327 e ss.) e dos convenios internacionais subscritos por España. Con esta disposición víñase a apoia-la inclusión do dereito de asociación empresarial dentro do ámbito constitucional da liberdade sindical. En concreto, esgrímianse en favor desta posición os seguintes argumentos:

- 1) A expresión "todos teñen dereito a sindicarse libremente" contida no texto do artigo 28.1 da CE, que comprende non só os traballadores senón tamén os empresarios;
- 2) o artigo 10.2 da CE, segundo o cal "*as normas relativas ós dereitos fundamentais interpretaranse conforme ós tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificadas por España*"; e, como se sabe, os convenios 87, 98 e 135 da OIT regulan, baixo a expresión "liberdade sindical", tanto o réxime asociativo dos traballadores como o dos empresarios. Sen embargo, a pesar do apoio legal que representaba a disposición derogatoria da Lei orgánica de liberdade sindical, un sector da doutrina (Palomeque López e Álvarez de la Rosa, 1993, pp. 329 e 369) entendeu que o asociacionismo empresarial non debía comprenderse dentro do ámbito da liberdade sindical (artigo 28.1) senón dentro dos límites xenéricos do dereito de asociación recoñecido no artigo 22 da CE, apuntando que iso non implicaba un trato desigual para as asociacións de empresarios, xa que ámbolos dous dereitos —o de liberdade sindical e mailo de asociación— están recollidos nun plano de igualdade no artigo 7 da CE e a súa tutela articúllase a través do mesmo sistema de garantías<sup>43</sup>.

Dende o punto de vista xurisprudencial, o Tribunal Constitucional declarou talanteamente que o dereito de liberdade sindical do artigo 28.1 da CE pódese predicar só "dos traballadores e das súas organizacións", sen que poida incluírse nel o asociacionismo empresarial, o cal encontra encaixe na "xenérica liberdade de aso-

<sup>42</sup> BOE, núm. 189, (08-08-85).

<sup>43</sup> Vid. o artigo 53.2 da CE.

ciación" do artigo 22 da CE<sup>44</sup>. De acordo con esta posición, o texto constitucional, ó abeiro dos artigos 7 e 14,<sup>45</sup> garántenlle ás asociacións empresariais as facultades de acción propias do dereito de liberdade sindical (Alonso Olea e Casas Baamonde (1997, p. 570).

Tralo exposto sobre o fundamento do dereito de asociación empresarial, con relación á segunda das cuestións apuntadas, cabe sinalar que na disposición final 2ª parecen utilizarse os termos "asociación" e "agrupación" dunha maneira xenérica. Os argumentos que poden empregarse en favor desta posición derivan, sobre todo, da observación da práctica. En efecto, baixo a vixencia da Lei de asociación sindical e do RD 873/1977<sup>46</sup> sobre depósito de estatutos de asociacións sindicais, aceptáronse estatutos de sindicatos con denominacións como unións, agrupacións, asociacións, sociedades, centros, comunidades, etc. Con respecto ás asociacións empresariais, tamén na práctica se utiliza o termo "agrupación" como sinónimo de asociación<sup>47</sup>. A pesar disto, debe lembrarse que dende o punto de vista xurídico a denominación "agrupación" adoita empregarse en determinadas disposicións legais con connotacións específicas (pénsese, por exemplo, na Lei de agrupacións de interese económico, de 29 de abril de 1991<sup>48</sup>).

Por último, cómpre destacar que estas asociacións ou agrupacións poden ter carácter territorial, agrupando a empresarios que desenvolván as súas actividades nun determinado territorio, ou carácter sectorial, agrupando a empresarios dedicados a un mesmo tipo de actividade empresarial. Tamén é posible que estes dous criterios asociativos, o territorial e mailo sectorial, se combinen para obter unha maior eficacia na defensa dos intereses que representan. Así, cabe a unión de asociacións de carácter sectorial con sede nun mesmo territorio; deste modo, é frecuente a unión destas asociacións ou agrupacións para formar federacións, e incluso a destas para constituir confederacións<sup>49</sup>. Cómpre sinalar que o artigo 1 da LAS, anterior ó texto constitucional de 1978, só prevé a formación de asociacións *a escala territorial ou nacional*, e que, con respecto ás federacións e confederacións de sociedades laborais, o ámbito máximo é o nacional. Así resulta do Registro de Asociaciones Profesionales dependente do Ministerio de Trabajo, que non permite o depósito de estatutos de asociacións máis que sobre ese territorio<sup>50</sup>.

<sup>44</sup> Neste sentido, vid. STC 52/1992, de 8 de abril, f. 3 (*BOE*, núm. 115, de 13 de maio); STC 75/1992, de 14 de maio, f. 5 (*BOE*, núm. 144, de 16 de xuño); STC 92/1994, de 21 de marzo, f. 2 (*BOE*, núm. 99, de 26 de abril).

<sup>45</sup> Este precepto, como se sabe, refírese á igualdade de tódolos españois ante a lei.

<sup>46</sup> Na Resolución de 13 de xullo de 1998 da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia —DOG, núm. 166, (27-08-98)— pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da entidade "AGALLEL" emprégame o termo "asociación", mentres que no texto dos estatutos depositados se utiliza o termo "agrupación"; parece, pois, que a Xunta outorga a ámbolos dous termos a mesma significación xurídica.

<sup>47</sup> *BOE*, núm. 103, (de 30 de abril).

<sup>48</sup> Para un estudio destas agrupacións, vid. Gómez Calero (1993), Massaguer (1991), Sacristán Represa (1987, pp. 811 e ss.).

<sup>49</sup> Vid. o artigo 4 da LAS.

<sup>50</sup> O carácter preconstitucional da LAS permite augurar unha pronta modificación para comprende-lo ámbito internacional. Neste sentido, vid. Neila Neila (1998, p. 339) e tamén López Nieto e Mallo (1995, pp. 298 e ss.).

## FOMENTO DOS SERVICIOS DE FORMACIÓN E DE ASISTENCIA TÉCNICA

### NO ÁMBITO ESTATAL

O Plan de Formación, Difusión y Fomento del Cooperativismo y de la Economía Social, recollido na Orde do Ministerio de Trabajo y de la Seguridade Social de 6 de abril de 1987,<sup>51</sup> constitúe o punto de referencia obrigado no que se refire ós servicios de formación dos traballadores e de asistencia técnica ás sociedades laborais. Os obxectivos básicos deste plan xeral son os seguintes:

- a) O desenvolvemento da formación dos socios e dirixentes de cooperativas e de sociedades anónimas laborais e daquelas persoas que vaian adquirir esa condición, incidindo no estudio da teoría e da lexislación cooperativa e da xestión empresarial;
- b) a divulgación dos principios cooperativos e da economía social;
- c) a difusión das diferentes formas empresariais da economía social e, en concreto, da cooperativa e da sociedade anónima laboral como instrumentos para a creación e mantemento do emprego; e
- d) a promoción do asociacionismo cooperativo, na súa dobre faceta económica e representativa.

No tocante, en particular, á formación dos traballadores, o plan recollido na Orde de 6 de abril de 1987 inclúe aquellas accións destinadas a iniciarse, perfeccionarse e cualificarse no coñecemento do cooperativismo e da economía social para os colectivos relacionados con esas materias. Os cursos de formación dos traballadores estructúranse modularmente co fin de alcanzar niveis progresivos de afondamento, de acordo coa seguinte distribución: a) cursos de nivel información, de 4 a 12 horas lectivas; b) cursos de nivel promoción, de 40 horas lectivas; e c) cursos de nivel especialización, configurados cunha duración variable e con temática de carácter monográfico. Os programas deses cursos concertaranse coa Dirección General de Cooperativas y de Sociedades Laborales e a súa metodoloxía pedagóxica ha ser eminentemente participativa, coa finalidade de fomenta-lo intercambio de experiencias cos asistentes.

No tocante ós servicios de asistencia técnica, de acordo coa Orde de 26 de febreiro de 1986<sup>52</sup>, poderán consistir nalgunha destas modalidades: a contratación de directores xerais ou técnicos; a realización de estudios de viabilidade, organiza-

<sup>51</sup> BOE, núm. 86, (10-04-87). Debe notarse que a Orde de 18 de maio de 1988 (BOE, núm. 136, (07-06-88)) prorroga con carácter indefinido o Plan de Formación, Difusión y Fomento del Cooperativismo y de la Economía Social e regula diversas axudas. Tamén resulta de interese a Orde de 29 de xullo de 1992 (BOE, núm. 194, (13-08-92)), prorrogada e modificada pola Orde de 18 de xaneiro de 1993 (BOE, núm. 78, (01-04-93)) que completa as bases reguladoras que han rexe-la concesión polo INFES das axudas e subvencións con cargo ó programa "Desarrollo Cooperativo".

<sup>52</sup> BOE, núm. 50, (27-02-86).

ción, comercialización, diagnose ou outros de natureza análoga; a elaboración de auditorías ou, en xeral, de asesoramento nas diversas áreas de xestión empresarial.

## NO ÁMBITO AUTONÓMICO

Na Comunidade Autónoma galega, a promoción da formación dos traballadores no campo da economía social recóllese na Orde de 7 de abril de 1998<sup>53</sup>, na que se desenvolven catro programas específicos. O Programa I diríxese á promoción de entidades e empresas de economía social mediante a concesión de axudas a cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais; o Programa II oriéntase a subvencionar os gastos derivados da creación, constitución ou modificacións estatutarias das sociedades laborais, sociedades cooperativas e as súas asociacións e a fomenta-la intercooperación e integración cooperativa<sup>54</sup>; o Programa III refírese ás axudas ó fomento e consolidación do asociacionismo nas cooperativas e nas sociedades laborais; e, por último, o Programa IV inclúe expresamente a concesión de axudas para a realización de actividades de formación e de promoción do cooperativismo. En particular, conforme ó artigo 10, as actividades obxecto de subvención poderán consistir na organización de cursos, xornadas, conferencias, na elaboración e publicación de estudios, informes, traballos de investigación, manuais e folletos de divulgación, así como calquera outra acción formativa que fomente o cooperativismo. Á vista do exposto, no ámbito autonómico as medidas de fomento das actividades de formación atopanse referidas, en principio, ás cooperativas; agora ben, da Orde de 7 de abril de 1998, en particular dos Programas II e III, despréndese que son posibles medidas de axuda para as actividades de asistencia técnica e de formación dos traballadores nas sociedades laborais<sup>55</sup>.

## BIBLIOGRAFÍA

ALCOVER GARAU (1995): "La representación proporcional de la minoría en el consejo de administración de las S.A. y el principio mayoritario en el funcionamiento de la Junta General de Accionistas" en *Estudios en homenaje al prof. Broseta*, t. 1. Valencia.

<sup>53</sup> DOG, núm. 77, (23-04-98). Sobre esta materia, vid. tamén o Decreto 106/1994, de 21 de abril, (DOG, núm. 85, (04-05-94)).

<sup>54</sup> Polo seu interese, reproducimos en extracto algúns aspectos do obxecto declarado por unha destas agrupacións de empresas laborais: "a) A representación das sociedades laborais e empresas similares e a defensa dos seus intereses ante as administracións públicas (central, autonómica e local). Todo iso, sen prexuízo da colaboración coa Administración pública nos programas que revistan especial interese social ou sexan coincidentes coa consecución dos fins da agrupación. b) A coordinación das sociedades laborais e empresas de economía social, ou, o que é o mesmo, empresas con principios de xestión e propiedade similares a aquelas, é dicir, baseadas na autoxestión e coxestión, para a organización de cursos, actos e outras actividades sexan precisas a fin de promocionar os traballadores das empresas asociadas, tanto profesional como persoalmente, na necesaria superación e capacificación que se precise para o desenvolvemento e consolidación das empresas baseadas nos principios de autoxestión e coxestión".

<sup>55</sup> Así, respecto da asistencia técnica, no Programa II considérase como gasto subvencionable. E no Programa III, dirixido, como sabemos, ó fomento das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, parece que poden comprenderse as actividades de formación dos traballadores.

- ALONSO ESPINOSA [dir.]: "Especialidades en el régimen jurídico de la posición del socio", *Régimen jurídico de las sociedades laborales*.
- ALONSO OLEA; CASAS BAAMONDE (1997): *Derecho del trabajo*. 15<sup>a</sup> ed. Madrid.
- BALLESTERO (1990): *Economía social y empresas cooperativas*. Madrid.
- BAREA; MONZÓN (1987): "La economía social en España", en Monzón e Defourny: *Economía social, entre economía capitalista y economía pública*.
- BATLLE SALES (1996): "Notas sobre la sociedad anónima laboral: ventajas e inconvenientes para la adaptación a las PYMES", en *Estudios jurídicos en homenaje al profesor Aurelio Menéndez*, t. II. Madrid.
- BORJABAD (1995): *Manual de derecho cooperativo*. Madrid.
- CANO LÓPEZ (1997): "Reflexiones acerca de un nuevo instrumento societario. La Ley 4/1997 de 24 de marzo, de sociedades laborales", *RDS*, núm. 8, pp. 202 e ss.
- CARRERA GIRAL; CARRERA LÁZARO (1995): *Ley de sociedades anónimas*, vol. I. 5<sup>a</sup> ed.
- CARVAJAL GONZÁLEZ E OUTROS (1995): *Sociedades de responsabilidad limitada*. Valencia.
- DE LA PEÑA VELASCO (1997): "Régimen tributario de las sociedades laborales", en Alonso Espinosa [dir.]: *Régimen jurídico de las sociedades laborales*.
- ESTEBAN VELASCO (1996): "Algunas reflexiones sobre la estructura orgánica de las S.R.L. en la nueva ley", en Rodríguez Artigas e outros [coord.]: *Derecho de sociedades de responsabilidad limitada*, t. I. Madrid.
- GALÁN LÓPEZ (1996): "La transmisión forzosa y la transmisión *mortis causa* de las participaciones sociales", en Rodríguez Artigas e outros [coord.]: *Derecho de sociedades de responsabilidad limitada*, t. I. Madrid.
- GARCÍA LUENGO; SOTO VÁZQUEZ (1991): *El nuevo régimen jurídico de las sociedades anónimas (comentarios y jurisprudencia)*. Granada.
- GÓMEZ CALERO (1993): *Las A.I.E.* Barcelona.
- GÓMEZ MENDOZA (1996): "Cláusulas estatutarias de transmisión voluntaria por actos *inter vivos* de las participaciones sociales de una S.R.L.", en Rodríguez Artigas e outros [coord.]: *Derecho de sociedades de responsabilidad limitada*, t. I. Madrid.
- GÓMEZ PORRÚA (1997): "La nueva regulación de la sociedad laboral", *Derecho de los Negocios*, núm. 80.
- LÁZARO SÁNCHEZ (1997): "La calificación laboral de las sociedades anónimas y de responsabilidad limitada. Régimen de su adquisición y pérdida", en Alonso Espinosa [dir.]: *Régimen jurídico de las sociedades laborales*.
- LÓPEZ NIETO; MALLO (1995): *La ordenación legal de las asociaciones*. Madrid.
- MASSAGUER (1991): "La A.I.E. Un primer comentario de los aspectos jurídico-societarios de la Ley 12/1991 de 29 de abril", *RGD*, (setembro).
- NEILA NEILA (1998): *Sociedades laborales. Análisis sistemático de la Ley 4/1997*. Madrid.
- PALOMEQUE LÓPEZ; ÁLVAREZ DE LA ROSA (1993): *Derecho del trabajo*. Madrid.
- SACRISTÁN REPRESA (1987): "La A.I.E. (antecedentes y caracterización)", en Alonso Ureña [coord.]: *La reforma del derecho español de sociedades de capital*. Madrid.
- SELVA SÁNCHEZ (1996): "Consideraciones críticas acerca de la Proposición de Ley de sociedades laborales", *Rev. Jur. La Ley*, 1996/5.
- SERRANO SOLDEVILLA (1997): en Jiménez Sánchez [dir.]: *Derecho Mercantil*, t. I. 4<sup>a</sup> ed.
- URÍA (1997): *Derecho mercantil*. 24<sup>a</sup> ed. Madrid.
- VEGA VEGA (1994): *Sociedades anónimas laborales*. Madrid.